

54 | **La Opinión**
Jueves,
18 de junio
de 2009

Más información en
www.laopinioncoruna.es

cultura

Critican a supresión de espacios culturais na programación da TVG

Escritores, editores e libbreiros manifestaron
onte a súa “profunda preocupación”

Redacción

A CORUÑA

A Asociación de Escritores en Lingua Galega, a Asociación Galega de Editores e a Federación de Libbreiros de Galicia manifestaron onte a súa “profunda preocupación” pola supresión do servizo de Cultura da Televisión de Galicia, creado en 2005 e lamentaron nun comunicado conxunto a decisión tomada pola nova directiva da Compañía de Radiotelevisión de Galicia.

Ademais, sinalaron que a suspensión do “único programa” da TVG centrado na divulgación e coñecemento da literatura galega, *Libro Aberto*, os “enche de incerteza”. Tamén se mostraron preocupados

pola “consecuente falta de visibilidade” dos escritores en lingua galega e das novidades da produción editorial. Indicaron que esta decisión con respecto ao programa sobre libros da TVG lles produce “moita preocupación” sobre o futuro da programación cultural da televisión e da radio públicas.

Engadiron que “lamentan a celeridade e a contundencia do actual Goberno galego en executar as medidas máis involucionistas posíbeis sobre o idioma galego. Lembran que entre as “obrigas” da CRTVG, en aplicación do artigo 16 da Lei que regula a compañía, figura que a programación “debe estar inspirada na promoción e difusión da cultura e lingua galegas”.